

DOMINGO XXVI DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Am 6, 1a. 4-7

Lectura do libro de Amós

Isto di o Señor omnipotente: "¡Malia os que viven no lecer en Sión, os despreocupados no monte de Samaría! Déitanse en leitos de marfil, vaguean nas súas camas, xantando os carneiros do rabaño e os xatos sacados da corte.

Cantarexan ó son da harpa e, coma novos Davides, inventan instrumentos. Beben viño nas grandes copas e únense coa esencia dos perfumes, mais a desfeita de Xosé non os deprime. Por iso agora van partir para o exilio á cabeza dos deportados, pois rematou a esmorga dos nugalláns". -Oráculo do Señor, Deus dos Exércitos-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

O Señor garda por sempre a súa fidelidade:
faílles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.
O Señor libra os cativos.

O Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros.

O Señor sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
O Señor reina eternamente,
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.
Aleluia.

SEGUNDA LECTURA 1 Tim 6, 11-16

Lectura da Primeira carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán, home de Deus: Practica a xustiza, a piedade, a fe, o amor, a paciencia e a mansedume. Combate a fermosa loita da fe, procura a vida eterna á que te chamaron e da que fixeches clara profesión diante de moita xente.

Mándochos en presenza Deus, que fai vivir tódalas cousas, e diante Cristo Xesús, que deu bo testemuño ante Poncio Pilato: garda o mandamento, sen lixo e sen tacha, ata a manifestación gloriosa do noso Señor Xesús Cristo.

No seu debido tempo amosarao o Deus bendito e único soberano, Rei dos reis e Señor dos señores: o único que ten a inmortalidade e que habita nunha luz inaccesible. A El ningún home o viu nin o pode ver. A El a honra e o poder eterno. Amén.

EVANXEO Lc 16, 19-31

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos: - Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba tódolos días espléndidos banquetes. Ó pé da súa porta xacía un pobre chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando mata-la fame co que caía da mesa do rico; e incluso os cans se achegaban a lle lambe-las chagas. Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ó seo de Abrahán. Morreu tamén o rico, e enterrárono. Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abrahán e mais a Lázaro no seu seo.

Entón suplicoulle dicindo: "Ai, pai Abrahán, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume". Pero Abrahán contestoulle: "Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento.

Ademais, entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir onda nós". Entón el insistiu: "Suplícoche, pai Abrahán, que o mandes a casa do meu pai, onde teño cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan dar a este lugar de tormentos". Pero Abrahán respondeulle: "Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles fagan caso a eles".

El volveu insistir: "Pero non llelo van facer, pai Abrahán, non; se un morto vai onda eles, seguro que se converterán". Pero Abrahán replicoulle: "Se a Moisés e mais ós Profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado".